

**EXCMO. SR. D. JOSÉ MARÍA HERNÁNDEZ COCHÓN**  
**CONSELLEIRO DE SANIDADE**

Os abaixo asinantes, membros do colectivo médico do **Complexo Hospitalario de Ourense** quere manifestar que nos últimos anos veu asistindo a un progresivo deterioro das condicións e da consideración do noso traballo, o que xerou un importante malestar e unha crecente desmotivación na grande maioría dos facultativos. Sentimos que a nosa opinión é cada vez menos escoitada e que a súa influencia é mínima na toma de decisións sobre os temas que atañen directamente ao desenvolvemento da nosa actividade e do servizo que prestamos aos nosos pacientes. Entendemos que é urxente mudar esta negativa tendencia e por iso demandamos durante este último ano solucións á problemática asistencial e laboral do centro.

As cuestións que consideramos mais importantes foron comunicadas e discutidas coa Dirección do centro non obtendo respostas satisfactorias xa que ao semellar as solucións dependen completamente da normativa e política das Direccións do SERGAS. Portanto solicitamos de vostedes unha resposta ás mesmas coa maior celeridade posíbel :

1ª) Os contratos para gardas son necesarios en algúns dos nosos servizos que contan con compañeiros que por razóns de idade, etc. non poden realizalas . O actual tipo de contratación por horas non reúne as mínimas condicións laborais e de dignidade profesional que son exixibéis para calquera traballador no noso país. Por iso demandamos que esta modalidade de contratación se revise e substitúa por outra que teña o carácter de "continuidade" suficiente para que ditos dereitos sexan respectados. Outras Comunidades Autónomas do Estado Español xa contemplan nas súas normativas esta básica e xusta reivindicación.

Dunha forma cada vez mais habitual, se contrata "mes a mes" para cubrir necesidades asistenciais que claramente precisan un período mais prolongado. Isto provoca unha precariedade laboral que, ademais de non estar xustificada, condiciona unha importante inestabilidade nos servizos. Os compañeiros que sofren este tipo de contratación é seguro que a abandonarán ante calquera oferta de maior estabilidade aínda que proceda, como ocorreu en moitas ocasións, de outras comunidades ou estados limítrofes.

2º) Entendemos que a xestión das listas de espera debe discutirse e negociarse a principios do ano entre a Dirección do centro e os Servizos. En función de iso, se resultan precisas, se programarán as actividades asistenciais en xornada de tarde dunha forma homoxénea ao longo de todo o ano sendo retribuídas ao igual que as gardas na nómina do mes seguinte. Mentres se planteen como na actualidade agrupadas nun curto período sen xustificación algunha e o seu cobro se demore de forma intolerábel o noso colectivo decidiu non realizar, polo momento, ditas actividades voluntarias.

3º) Pensamos que moitas das nosas plantillas están excesivamente axustadas e que resulta necesario un maior investimento encanto a recursos profesionais para o noso centro, no contexto dun plano funcional servizo por servizo que avalíe as necesidades asistenciais reais que Ourense necesita.

4º) Na liña das necesarias e longamente demandadas, melloras retributivas e laborais para os médicos de Atención Especializada atinxidas en outras Comunidades Autónomas do Estado, os facultativos do noso hospital solicitan a apertura inmediata de negociacións coas organizacións sindicais que nos representan para a consecución de :

- Cumprimento da normativa europea sobre o máximo de 48 horas semanais.
- Cobro do complemento específico por todos os facultativos.
- Mellora da retribución da hora de garda. Proponse un incremento de 11 a 18 euros.
- Desenvolvemento da Carreira Profesional con orzamento para cada un dos tramos.

5º) Rexeitamos calquera tipo de mobilidade forzosa no ámbito do noso exercicio profesional como planea a LOSGA.

Quedamos á espera da súa resposta e a súa disposición para calquera tipo de aclaración.